


## EDICIÓN TEXTO PRESENTACIÓN E IMAXE


Estas instrucións son aplicables para a edición de calquera outra etiqueta.

### PASOS A SEGUIR PARA EDITAR A IMAXE:


1. Activar o **Modo Edición**, premendo en **Activar a edición**.
2. Despregar a opción **Editar**, situada a dereita da etiqueta **Texto presentación da materia**.
3. Seleccionar das opcións **Editar a configuración**.



4. Na xanela que emerxerá editar o contido do cadro **Texto da etiqueta**:
  - 4.1. Situarse sobre a imaxe e premer o botón dereito do rato.
  - 4.2. Seleccionar das opcións que aparecen **Insertar/editar imaxe**



- 4.3. Na xanela que aparecerá, premer no **icona URL da imaxe**



4.4. Na xanela que aparece, premer **Enviar un ficheiro**

4.5. Premer **Seleccionar archivo**.




4.6. Buscar o arquivo imaxe previamente gardada no seu ordenador, seleccionala premendo **Abrir**.


4.7. Premer **Enviar este ficheiro**.

4.8. Finalmente premer **Actualizar**.


*Pasos para **editar imaxe**, se é necesario:*

5. Cambio das **dimensións** da imaxe:
  - 5.1. Situarse sobre a imaxe e premer o botón dereito do rato.
  - 5.2. Seleccionar das opcións que aparecen **Insertar/editar imaxe**.
  - 5.3. Cambiar as **dimensións da imaxe**. (A actual ten un tamaño de 300 x 300)
  - 5.4. Premer **Actualizar**





6. Cambio do **aliñamento** da imaxe:
  - 6.1. Situar sobre a imaxe e premer o botón dereito do rato.
  - 6.2. Seleccionar das opcións que aparecen **Aliñamento**.
  - 6.3. Seleccionar **o aliñamento** que se desexa ter (Actualmente é Centrado)
  - 6.4. Premer **Actualizar**





## PASOS A SEGUIR PARA EDITAR “TEXTO PRESENTACIÓN DA MATERIA”:

1. Sen saír do cadro **Texto da etiqueta**.
2. Substituír o **“Texto presentación da materia”** pola súa propia redacción

*Pasos para **editar texto**, se é necesario:*

3. **Seleccionar o texto** que se quere editar.
4. Premer a **Barra Toggle**, para acceder a tódalas funcións do editor de texto.
5. Facer os cambios no texto que se consideren apropiados.




The screenshot shows a text editor interface. The toolbar at the top includes options for text alignment (Encabezament), bold (B), italic (I), bulleted list, numbered list, link, unlink, image, video, table, and other functions. Below the toolbar are options for font (Fonte) and size (Tamaño). The main text area contains a globe image with a red overlay on the continents. Below the globe is a quote in Spanish: "Comprender las cosas que nos rodean es la mejor preparación para comprender las cosas que hay más allá". The quote is attributed to Hipatia de Alejandria. At the bottom left, the text "Ruta: h6 » em" is visible.



Unha vez que xa rematamos coa edición de imaxe e texto, premer **Gardar e volver ao curso**.

Texto da etiqueta

Encabezament ▾ B / [Listas] [Enlaces] [Imaxe] [PDF] [Documento] [Documento]



Peggy\_Marco\_Globe/En [Creative Commons License]

*\*Comprender las cosas que nos rodean es la mejor preparación para comprender las cosas que hay más allá\**

Ruta: h6 » em

- Configuración común do módulo
- Restringir acceso
- Completado da actividade
- Etiquetas
- Competencias

**Gardar e volver ao curso** Cancelar

## ATRIBUCIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL DUN RECURSO

No apartado **Licenzas e Webgrafía**, que atoparán ao final deste curso, poderán consultar todo o necesario para atribución de propiedade intelectual de aqueles recursos que desexen introducir no seu curso e cumprir coa normativa vinculada a este tema.


### COMO ATRIBUÍR A PROPIEDAD INTELECTUAL A UNHA IMAXE

A continuación indícanse os pasos a seguir para atribuír a propiedade intelectual a unha imaxe. As instrucións indicadas aplícanse á imaxe da sección Nome da materia, pero é aplicable a calquera outra imaxe que insiran no seu curso.

1. Introducir debaixo da imaxe, unha liña de texto cos seguintes campos.


Autor/a, título do recurso, fonte orixinal, licenza

2. O **tamaño do texto** desta liña debería ser como máximo **8**.
3. Fonte orixinal e licenza deben contar coas súas correspondentes ligazóns. Os pasos a seguir para inserir un ligazón, son os indicados a continuación:
  - 3.1. Activar o **Modo Edición**, premendo en **Activar a edición**.
  - 3.2. Despregar a opción **Editar**, situada a dereita da etiqueta **Texto presentación da materia**.
  - 3.3. Seleccionar das opcións **Editar a configuración**.






3.4. Situar-se debaixo da imaxe e escribir o texto para atribución da propiedade intelectual, tal e como se indica na seguinte imaxe.




3.5. Para introducir as correspondentes Ligazóns, seguir os seguintes pasos:

- 3.5.1. **Seleccionar o texto** no que queremos inserir o correspondente ligazón.
- 3.5.2. Premer a **Barra Toggle**, para acceder a tódalas funcións do editor de texto.
- 3.5.3. Premer o botón **Inserir/editar un hipervínculo**



- 3.5.4. Na xanela emerxente **seleccionar a URL** xa existente (premendo o botón dereito do rato) e borrarlo premendo a tecla **Supr** do teclado.
- 3.5.5. **Pegar a URL** do hipervínculo previamente copiado. (Para pegar a URL, premer o botón esquerdo do rato e seccionar **Pegar**).
- 3.5.6. Finalmente premer **Actualizar**.



- 3.5.7. Finalmente para gardar os cambios, premer **Gardar e volver ao curso**.



A atribución da propiedade intelectual dun recurso (imaxe, multimedia,..) consiste basicamente en achegar os datos suficientes para identificalo recurso, ao seu autor ou autora, o seu lugar de orixe así como a licenza coa que está publicado. Ademais, débese incluír ligazóns á fonte do recurso e aos termos da licenza.


As imaxes, multimedias... que insiramos no curso virtual **deben levar sempre, nunha fila debaixo do recurso, un texto no que se indique o autor/a, título, fonte orixinal (se é allea) e a súa licenza.**

Peggy\_Marco. Signo de interrogación. En [Pixabay](#). [Pixabay License](#)

**NOTA:** CÓMO COPIAR UN HIPERVÍNCULO.

Existen moitas formas de compartir un recurso (imaxes, vídeos,...) pero a opción máis simple é a indicada a continuación:

1. Localice o recurso que quere empregar no curso.
2. **Copie a URL** que aparece no navegador.



2.1. Para copiar a URL:

- 2.1.1. **Seleccionar a URL** (mantendo pulsado o botón dereito do rato).
- 2.1.2. Premer o botón esquerdo do rato.
- 2.1.3. Das opcións que aparecerán seleccionar **Copiar**.

